

# HISTÓRICO

Castelo de Sobroso

SINTE RÍAS BAIXAS

GALEGO/ESPAÑOL



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA



riásbaixas



Edita: Turismo Rías Baixas—Deputación de Pontevedra

Fotografías: Arquivo Turismo Rías Baixas

Diseño e maquetación: Anónimo Advertising

Depósito Legal: VG 420-2017



**DEPUTACIÓN**  
PONTEVEDRA





# Histórico

## castelo de Sobroso

# Histórico

## castillo de Sobroso

SOBROSO **RÍAS BAIXAS**

Nun outeiro rochoso, a 334 metros sobre o nivel do mar, álzase o castelo de Sobroso, unha impresionante fortaleza medieval que destaca pola súa beleza e o seu perfecto estado de conservación.

En una colina rocosa, a 334 metros sobre el nivel del mar, se alza el castillo de Sobroso, una impresionante fortaleza medieval que destaca por su belleza y su perfecto estado de conservación.





DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA



X riasbaixas



## ÍNDICE/ÍNDICE

- Páx. 7 **Historia**  
Historia
- 8 **Arquitectura**  
Arquitectura
- 8 **Centro de Recuperación da Cultura Popular**  
Centro de Recuperación de la Cultura Popular
- 10 **Senda botánica do castelo de Sobroso**  
Senda botánica del castillo de Sobroso
- 11 **Mapa**  
Mapa





DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

X riasbaixas

# Historia

No alto do monte Landín a fortaleza de Sobroso domina con forza o amplo val. Desde esta situación estratéxica controlaba, na época medieval, as comunicacións entre o interior e a cidade de Tui. O seu nome garda relación coa existencia de sobreiras neste lugar.

Sabemos da súa existencia desde 1117, cando a raíña dona Urraca foi cercada neste castelo polos partidarios do seu fillo, o neno-rei Afonso VII. Conseguiu escapar a Santiago de Compostela na procura do auxilio do arcebispo Xelmírez. A lenda afirma que fuxiu polo pasadizo subterráneo que comunicaba o castelo coa ribeira do río Tea. Pertencente á coroa, foi cedido no século XIII á familia Sobroso. En 1368 Pedro I outorgoullo a Álvaro Pérez de Castro e en 1379 Xoán I concedeu este castelo e o seu señorío a Pedro Ruíz Sarmiento. Na segunda metade do século XV foi escenario da Revolta Irmandiña e gran parte del foi destruído, para ser finalmente reconstruído por Pedro Álvarez de Sotomayor, coñecido como Pedro Madruga, e rematado por García Sarmiento.

Durante a Idade Moderna, nos séculos XVI e XVIII, foi cabeza dunha ampla xurisdición e, á vez que perdeu o seu papel militar, quedou abandonado e converteuse nunha ruína. En 1923 foi adquirido por Alejo Carrera Muñoz, quen se encargou da súa restauración, e en 1981 pasou a mans do Concello de Ponteareas. Desde o 1 de xuño de 2014 está cedido á Deputación de Pontevedra.

# Historia

En lo alto del monte Landín la fortaleza de Sobroso domina con fuerza el amplio valle. Desde esta situación estratégica controlaba, en la época medieval, las comunicaciones entre el interior y la ciudad de Tui. Su nombre guarda relación con la existencia de *sobreiras* o alcornoques en este lugar.

Sabemos de su existencia desde 1117, cuando la reina doña Urraca fue cercada en este castillo por los partidarios de su hijo, el niño-rey Alfonso VII. Consiguió escapar a Santiago de Compostela en busca del auxilio del arzobispo Gelmírez. La leyenda afirma que escapó por el pasadizo subterráneo que comunicaba el castillo con las riberas del río Tea.

Pertenciente a la corona, fue cedido en el siglo XIII a la familia Sobroso. En 1368 Pedro I se lo otorgó a Álvaro Pérez de Castro y en 1379 Juan I concedió este castillo y su señorío a Pedro Ruíz Sarmiento. En la segunda mitad del siglo XV fue escenario de la Revuelta Irmandiña y gran parte de él fue destruido, pero finalmente fue reconstruido por Pedro Álvarez de Sotomayor, conocido como Pedro Madruga, y terminado por García Sarmiento.

Durante la Edad Moderna, en los siglos XVI y XVIII, fue cabeza de una amplia jurisdicción y, al tiempo que pierde su papel militar, queda abandonado y se convierte en una ruina. En 1923 fue adquirido por Alejo Carrera Muñoz, quien se encargó de su restauración, y en 1981 pasó a manos del Ayuntamiento de Ponteareas. Desde el 1 de junio de 2014 está cedido a la Diputación de Pontevedra.

## Arquitectura

O castelo está formado por tres estruturas superpostas: un muro exterior de 140 metros, de aspecto moi irregular; a torre da homenaxe, de planta rectangular, situada no flanco do castelo dominado por maiores alturas; e o corpo residencial, que consta de dúas alturas: a alta para os señores e a baixa para o corpo de garda.

O castelo está rodeado por un gran parque forestal con 30 hectáreas de monte arbolado no que conviven unhas 40 especies distintas de árbores e no que se pode gozar dunha fermosa senda botánica.

## Centro de Recuperación da Cultura Popular

O obxectivo básico deste centro instalado no castelo de Sobroso é a conservación da cultura tradicional galega a través da exposición permanente dos seus fondos, a promoción da artesanía local, a realización de cursos e de todo tipo de actividades relacionadas coa cultura popular do municipio e a comarca do Condado.

A exposición permanente organízase en catro salas: a primeira acolle exposicións temporais; a segunda, que se atopa na torre, está dedicada ao proceso de preparación do liño (básico para a confección da roupa); outra sala mostra os oficios tradicionais cos seus respectivos materiais de traballo, e finalmente, na última planta da torre pódese contemplar unha recreación das estancias dunha casa labrega galega.

## Arquitectura

El castillo está formado por tres estructuras superpuestas: un muro exterior de 140 metros, de aspecto muy irregular; la torre del homenaje, de planta rectangular, situada en el flanco del castillo dominado por mayores alturas; y el cuerpo residencial, que consta de dos alturas: la alta para los señores y la baja para el cuerpo de guardia.

El castillo está rodeado por un gran parque forestal con 30 hectáreas de monte arbolado, donde conviven unas 40 especies distintas de árboles y en el que se puede disfrutar de una bonita senda botánica.

## Centro de Recuperación de la Cultura Popular

El objetivo básico de este centro instalado en el castillo de Sobroso es la conservación de la cultura tradicional gallega a través de la exposición permanente de sus fondos, la promoción de la artesanía local, la realización de cursos y todo tipo de actividades relacionadas con la cultura popular del municipio y la comarca de O Condado.

La exposición permanente se organiza en cuatro salas: la primera acoge exposiciones temporales; la segunda, que se encuentra en la torre, está dedicada al proceso de preparación del lino (básico para la confección de la ropa); otra sala muestra los oficios tradicionales con sus respectivos materiales de trabajo; y finalmente, en la última planta de la torre se muestra una recreación de las estancias de una casa campesina gallega.







## Senda botánica do castelo de Sobroso

O parque do castelo de Sobroso, ademais de ser un precioso xardín no que perderse, facer fotos ou simplemente contemplar a beleza da súa natureza, dispón dunha senda botánica de aproximadamente 1 km que rodea o recinto. Nesta senda a persoa visitante atoparase con diferentes paneis tecnolóxicos interpretativos que informan sobre os recursos naturais desta bonita ruta.

1. Un mundo baixo os nosos pés
2. Liques, unha asociación simbiótica
3. Carballo
4. Árbore do alcanfor
5. Froiteiras, a reprodución das plantas
6. Sobreira, adaptada ao lume
7. Acivro, un ecosistema en miniatura

## Senda botánica del castillo de Sobroso

El parque del castillo de Sobroso, además de ser un precioso jardín donde perderse, hacer fotos o simplemente contemplar la belleza de su naturaleza, dispone de una senda botánica de aproximadamente 1 km que rodea el recinto. En esta senda, la persona visitante se encontrará con diferentes paneles tecnológicos interpretativos que le facilitarán información sobre los recursos naturales de esta bonita ruta.

1. Un mundo bajo nuestros pies
2. Líquenes, una asociación simbiótica
3. Roble
4. Árbol del alcanfor
5. Frutales, la reproducción de las plantas
6. Alcornoque, adaptado al fuego
7. Acebo, un ecosistema en miniatura





Un mundo baixo os nosos pés  
Un mundo bajo nuestros pies

1

Liques, unha asociación simbiótica  
Líquenes, una asociación simbiótica

2

Acivro, un ecosistema en miniatura  
Acebo, un ecosistema en miniatura

7



Miradoiro de Landín de Vilasobroso  
Mirador de Landín de Vilasobroso



Castelo de Sobroso  
Castillo de Sobroso

6

Sobreira, adaptada ao lume  
Alcornoque, adaptado al fuego

3

Carballo  
Roble

5

Froiteiras, a reprodución das plantas  
Frutales, la reproducción de las plantas

4

Árbore do alcanfor  
Árbol de alcanfor





## Onde estamos/Dónde estamos

Castelo de Sobroso. Centro de Recuperación da Cultura Popular  
Vilasobroso, s/n, 36879 Mondariz  
+34 986 654 305  
www.depo.gal  
www.turismoriasbaixas.com



## Como chegar/Cómo llegar

42° 12' 22.1"N · 8° 27' 49.5"W



## Tarifas/Tarifas

XERAL/GENERAL: 1 euro  
Maiores de 15 anos/Mayores de 15 años

REDUCIDAS/REDUCIDAS: 0,60 euros  
Visitas escolares guiadas/Visitas escolares guiadas

GRATUÍTAS/GRATUITAS  
Visitas escolares sen guía/Visitas escolares sin guía

Venda de entradas no despacho de billetes do castelo  
Venta de entradas en la taquilla del castillo  
Visitas guiadas con reserva previa: +34 986 654 305  
Visitas guiadas con reserva previa: +34 986 654 305



## Horario/Horario

### INVERNO/INVIERNO

De martes a venres: de 10 a 13 h e de 16 a 19 h

De martes a viernes: de 10 a 13 h y de 16 a 19 h

Sábados, domingos e festivos: de 11 a 14 h e de 16 a 19 h

Sábados, domingos y festivos: de 11 a 14 h y de 16 a 19 h

### VERÁN/VERANO

De martes a venres: de 10 a 13 h y de 17 a 20 h

De martes a viernes: de 10 a 13 h y de 17 a 20 h

Sábados, domingos e festivos: de 11 a 14 h e de 17 a 20 h

Sábados, domingos y festivos: de 11 a 14 h y de 17 a 20 h

Luns: pechado

Lunes: cerrado



# HISTÓRICO

Castelo de Sobroso

SINTE RÍAS BAIXAS



[www.turismoriasbaixas.com](http://www.turismoriasbaixas.com)

Praza de Santa María, s/n  
36071 Pontevedra

Tel.: +34 886 211 700

